

Transferencia e Boas Prácticas

A través do proxecto, a Deputación da Coruña participa noutras redes de intercambio metodolóxico, técnico e boas prácticas:

RED RETOS (Rede de Territorios Socialmente Responsables): Traballa na promoción de medidas que contribúen ao desenvolvemento integral da provincia da Coruña como territorio socialmente responsable, xunto con outros territorios a nivel nacional.

RED COLABORA en coordinación con outras entidades locais, para identificar, analizar, intercambiar e difundir boas prácticas metodolóxicas no eido da inserción sociolaboral en termos de responsabilidade social.



Deputación da Coruña
Unidade de Xestión de Proxectos
Edif. A Milagrosa, Avda de Cádiz, Nº1
15008 A Coruña
Correo-e: redexiana@dicoruna.es
Tif: (0034) 981 080 507

www.redexiana2.eu



Como participar en RedeXiana2?

Acude ao concello no que estás empadroad/a e solicita unha entrevista coa persoa **Responsable Municipal (RM)** do proxecto no concello. Podes consultar o listado de contactos na páxina web www.redexiana2.eu

Na **primeira entrevista** o RM informárate acerca dos **requisitos básicos para acceder** á formación, a documentación que terás que entregar, os prazos de inscrición, bolsa económica, etc.

Se o proxecto é do teu interese e consideras que pode axudarte a mellorar a túa formación e as túas expectativas de atopar un emprego, comproba que cumpres os **requisitos de acceso** e solicita unha **segunda entrevista**.

Na segunda entrevista o RM axudarache a cubrir os formularios de inscrición e realizarache unha breve enquisa para posteriormente puntuar a túa solicitude. Tamén se realizará un **diagnóstico da túa situación** para empezar a deseñar o teu itinerario formativo e de inserción laboral no caso de que sexas admitido/a.

Se es seleccionado **comunicarásche** ben a través do correo electrónico se dispós del, ou ben por teléfono ou por correo postal.

Tamén podes coñecer a situación da túa solicitude **contactando co RM do teu concello**.


O **RM informará a todas as persoas seleccionadas** da data de inicio dos cursos.

No caso de que haxa baixas e queden prazos libres, **chamarase ás persoas segundo a orde de puntuación obtida** no proceso de selección.



conecta co
emprego

Proxecto **RedeXiana2**
2012 - 2015



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE axuda os teus estudos"

RedeXiana2 2012 - 2015

Rede para a Xestión Integral, Accesibilidade, Novas Tecnoloxías e Adaptabilidade no mercado laboral galego.

É un proxecto promovido pola Deputación da Coruña en colaboración cós 91 concellos e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, para o fomento do emprego na provincia.

Implica a axentes clave do territorio a nivel político, económico e social nun **Pacto polo Emprego Responsable**.

- 91 concellos da provincia da Coruña
- Deputación da Coruña
- Unión Xeral de Traballadores
- Comisións Obreiras
- Confederación Intersindical Galega
- Confederación de Empresarios da Coruña
- Fundación Mujeres
- Universidade da Coruña
- Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia

O obxectivo é diminuír os niveis de desemprego nos municipios da provincia a través da mellora profesional das persoas desempregadas e o apoio ao autoemprego.

Liñas de Actuación

Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral

A inserción laboral das persoas desempregadas participantes é o principal obxectivo do proxecto e para iso deséñanse e póñense en marcha os **Itinerarios Personalizados de Inserción Sociolaboral** para cada unha das persoas beneficiarias baseados nun **diagnóstico personalizado** inicial que identifique a situación de partida de cada persoa, os niveis de formación e cualificación, a capacitación, as habilidades sociais, as destrezas manuais, as expectativas, etc.

Partindo deste diagnóstico inicial, deséñanse os itinerarios de xeito individual. O punto de partida de cada itinerario vai depender dos resultados do diagnóstico, así haberá persoas que entren directamente na fase de formación específica e outras que deberán superar previamente a fase de preformación, o que da lugar a itinerarios de intensidade diferente: itinerarios de alta, media e baixa intensidade.

O obxectivo é **traballar nun proxecto persoal e profesional propio**, de xeito que as persoas beneficiarias sexan as protagonistas activas das accións de inserción social e laboral.

Todos os itinerarios inclúen:

- **Formación**
- **Prácticas en empresas**
- **Asesoramento laboral**



Formación

A formación está orientada a dar resposta ás **novas ocupacións de sectores emerxentes** a nivel local e a adecuar o perfil profesional das persoas demandantes de emprego ás necesidades actuais do mercado laboral.

As **áreas formativas** nas que o Proxecto **RedeXiana2** centra su oferta son:

Accións de capacitación, preformación, transversais e complementarias dos itinerarios de inserción laboral para facilitar oportunidades de aprendizaxe que integren todas as competencias a adquirir antes da formación específica.

Formación en servizos de Proximidade para a Dependencia. 3 accións formativas as que poderán acceder 54 persoas desempregadas.

Formación en Enerxías Renovables. 11 accións formativas, destinadas a 198 persoas beneficiarias.

Formación en Industria e Maquinaria. 6 accións formativas para 108 persoas beneficiarias.

Formación en Transporte e Loxística. 9 accións formativas para un total de 162 persoas.

Formación Agrícola. 7 accións formativas nas que terán posibilidade de acceso 126 persoas.

Maduración da idea empresarial, estudo e plan de viabilidade da mesma e capacidade para levala a cabo. 9 accións de fomento e mantemento da emprendeduría. 162 persoas participantes participantes nas distintas accións formativas poderán desenvolver o seu Plan de Empresa.

Experiencia e práctica profesional

O programa formativo combina formación teórica con **experiencia laboral** en entidades e empresas da provincia de sectores económicos relacionados coa formación impartida.

Máis de 400 empresas do entramado empresarial provincial colaboran co proxecto acollendo alumnado en prácticas nos seus centros de traballo e ofrecéndolles unha oportunidade de **práctica profesional non laboral** a través do desempeño de actividades produtivas e funcións propias dos distintos perfís profesionais.

As prácticas xestionáanse directamente entre os concellos, a Deputación e as empresas colaboradoras.



Apoio á inserción

RedeXiana2 ofrece **orientación laboral** para a inserción das persoas desempregadas e apoio na procura activa de emprego a través da titorización e seguimento persoal permanente, tendo en conta a súa situación de partida, as expectativas de traballo de cada unha delas e a realidade laboral.

Este acompañamento personalizado canalízase tamén a través do **asesoramento especializado** a persoas emprendedoras para a posta en marcha da súa idea empresarial e contribuír así á xeración de emprego.

Emprendeduría

O proxecto pretende promover a **iniciativa emprendedora** a través da sensibilización, formación e apoio ás persoas en situación de desemprego.

Incentivar o autoemprego como unha opción de futuro laboral e de creación de postos de traballo.

Rede de recursos

RedeXiana2 é unha iniciativa de colaboración e coordinación entre distintos niveis administrativos (concellos, Deputación, Ministerio de Facenda e Administración Pública e Unión Europea) para poñer en valor e aproveitar todos os recursos existentes a nivel provincial para a creación de emprego e o desenvolvemento local en termos de sustentabilidade.

A xestión destes recursos realízase a través do Pacto e da rede técnica de traballo formada polos distintos municipios, a Deputación da Coruña e as empresas colaboradoras.

A liña de traballo basease na mellora continua e na prestación duns servizos públicos de calidade, nun afán por acadar os mellores resultados posibles. As ferramentas utilizadas son:

Sistema de Xestión de Calidade, certificado conforme á Norma UNE-EN- ISO 9001:2008

Método de Seguimento e Avaliación da execución do proxecto.

Observatorio Socioeconómico para a recollida de información, diagnóstico e seguimento da realidade empresarial e laboral.

As accións de reforzo para estes tres instrumentos, baséanse no traballo en equipo a través da realización de Círculos de Calidade, Grupos de Mellora, Paneis de Expertos e Círculos de Emprego) e teñen como obxectivo a identificación de liñas de mellora na xestión do proxecto a través dunha metodoloxía de traballo participativa.

